

**ACTA DA SESIÓN Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR  
PROCEDEMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL  
DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A  
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2010-02)**

**DATA:** 10 de decembro de 2010

**LUGAR:** Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal
- D<sup>a</sup>. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón (Responsable de Compras), Secretario

Como continuación á sesión nº 1 mantida o día 23 de novembro procédese a nova reunión da comisión de contratación composta polos membros arriba indicados procedendo ó estudo da documentación requirida ás seguintes empresas o día 23 de novembro:

SECURITAS, SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.- Habéndose requirido o “Poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia”, recibíuse a documentación no prazo acordado. A mesa de contratación admite a documentación administrativa do sobre “A”

SEGUR 10 VIGILANCIA, S.A.- Habéndose requirido o “Poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e da acreditación da súa solvencia Económica e Financeira conforme ó apartado 12 dos pregos”, recibíuse a documentación no prazo acordado. A mesa de contratación admite a documentación administrativa do sobre “A”

Sendo, finalmente, a relación de empresas aceptadas a seguinte:

1. SECURITAS, SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.
2. EULEN SEGURIDAD, S.A.
3. SEGUR 10 VIGILANCIA, S.A.

De seguido, procédese a examinar e analizar a documentación contida no sobre “B”, coas correspondentes deliberacións dos membros da mesa e tendo en consideración as explicacións técnicas de D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos).

De forma individualizada procédese a votación de cada unha das ofertas, resultando as seguintes puntuacións medias:


Empresa Licitadora	15.2 Medios personais e técnicos (ata 40 puntos)	15.3 Memoria técnica de operatividade e actuacións (ata 10 puntos)	TOTAL VALORACIÓN SOBRE "B" (ata 50 puntos)
Securitas, Seguridad España, S.A.	37,80	8,60	<b>46,40</b>
Eulen Seguridad, S.A.	38,80	8,80	<b>47,60</b>
Segur 10 Vigilancia, S.A.	23,60	5,60	<b>29,20</b>


Denótase a ausencia do certificado de estar inscrita no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas nos grupos, subgrupos e categorías esixidos no apartado 13.2 do prego de condicións das empresas SECURITAS, SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e SEGUR 10 VIGILANCIA, S.A., procedendo a comunicarllo, e dándolle o prazo de ate unha hora antes da apertura do sobre "C" para subsanar dita ausencia, decidindo a mesa de contratación antes da apertura do sobre "C" a súa posible exclusión do concurso en virtud da documentación aportada.


Valórase positivamente a mellora introducida pola empresa Eulen Seguridad, S.A. consistente na instalación de 2 cámaras mais de videovixilancia e a instalación dun sistema de alarma no cuarto de seguridade así como a de Securitas Seguridad España, S.A. consistente nunha bolsa de 150 horas gratuítas de libre disposición.


Así mesmo, procédese a determinar a data na que se levará a cabo o acto público para a apertura dos sobres "C", que se fixa para o día **16 de decembro de 2010, ás 11:30 horas** nas Oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia.


E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende  
  
 Presidente

D. Carlos Mato Montoto  
  
 Vogal

D. Miguel Sánchez Varela  
  
 Vogal

D<sup>a</sup>. Silvia Regal López  
  
 Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón  
  
 Secretario